

## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 26 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 4/09/16), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **catro profesores/profesoras**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2014.
- 2.- O censo electoral do profesorado estará exposto a partir do 4/10/2016 no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 4/11/2016 ata as 12'00 horas do día 11 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e o profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
- 5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **tres** da lista de candidatos/as.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegado.
- 7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **24 de novembro xoves ás 14:00 horas**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Viveiro, 4 de novembro de 2016

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E  
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Beatriz González-Moro Galán